

MESA SECTORIAL : PIALE

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe comezamos por examinar o borrador da Orde pola que se convocan prazas destinadas ó profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ó [Programa Integral de Linguas Estranxeiras \(PIALE\)](#).

A este respecto facemos as seguintes consideracións xerais previas:

- Lamentamos que non se aumentaran o número de prazas. Tampouco entendemos que se esixa o nivel B2 como requisito e non se permita presentar cun nivel B1, tal e como se permitía en anos anteriores.

[A Consellería recalca, como en anteriores convocatorias que este nivel garante un mellor aproveitamento do programa, e que o programa que non ten sentido sen un mínimo de coñecemento do idioma.](#)

- É unha convocatoria de formación na que se deixa completamente fóra ó persoal interino, o que consideramos de pouca equidade. O persoal interino debe poder optar á formación en igualdade de condicións. Polo tanto, unha vez máis, pedimos que esta convocatoria se abra e se muden os méritos contando os anos de servizo independentemente da condición contractual do solicitante.

[A Administración responde que non entrará neste punto e quedará así. Argumentan que a prioridade é o profesorado que xa está traballando en ámbitos lingüístico de xeito definitivo.](#)

- Debería explicitarse que o persoal seleccionado para as actividades en xullo estará exento da obriga de participar en tribunais de oposicións. Ten habido problemas neste sentido en anos anteriores.

[Mostran a súa conformidade con incluílo na Orde.](#)

En canto ó articulado:

Artigo 2:

MODALIDADE 1. INTEGRACIÓN

- MODALIDADE 1. INTEGRACIÓN. Pedimos que se manteña a duración de 100 horas de pasadas convocatorias, xa a que se ofrece no borrador de 50 horas nos parece insuficiente.
- MODALIDADE 1. INTEGRACIÓN. Pedimos recuperar a fase 1 de 25 horas de formación lingüística en Galicia.
- No punto 2 da fase b), como no apartado b da modalidade 2, non están definidas as características da proposta didáctica senón que fai referencia a un eventual modelo que enviará a Consellería. Entendemos que se debe publicar un anexo indicando o esperado dos participantes de xeito claro e previo á súa solicitude. Así mesmo pedimos explicacións no que se refire a estes mesmos puntos cando se establece que das 25 horas de formación 5 serán de presencialidade obrigatoria. [As 5 horas serán para a formación en e-learning.](#)
- Resaltamos que os orzamentos destinados para o programa son inferiores á convocatoria anterior.
- Pedimos que se inclúan no programa outros idiomas como o italiano, polo menos para profesorado EOI.
- Pedimos que se incremente o número de prazas por modalidade. aínda que hay un pequeno incremento(10 prazas en total),parecenos insuficiente, dado o recorte na modalidade 1.
- A nosa afiliación pídenos trasladar os problemas atopados in situ con estes programas: pouca comunicación aos centros e ás familias de acollida, a distancia aos centros, a mala xestión da dieta... sería bo ter unha periodicidade de reunións coa Administración para comentar o desenvolvemento dos programas.

[A Administración explica que é un programa na que se contratan empresas porque sería inviable facer unha xestión directa. Non obstante, asesores da Consellería se desprazan para facer unha valoración das diferentes situacións. Comprométense a mellorar na avaliación previa e a supervisión das actividades.](#)

No punto de **VARIOS**:

1. Aulas hospitalarias: Pedimos o incremento de personal destinado as mesmas, e comentase que a Consellería está traballando co SERGAS nun novo convenio.
2. ROCs: Pedimos información sobre os novos ROCs. A resposta, como hasta agora, e que se está a traballar nos mesmos.
3. RECOÑECEMENTOS e/ou ABONOS de TRIENIOS E SEXENIOS: Solicitamos información sobre o retraso no recoñecemento dos mesmos. A resposta sigue a ser que contan que nun mes e medio como máximo se paguen.
4. Solicitamos a actualización da Orde de Licenzas e Permisos.
5. Pedimos a activación dos Comites de Saúde Laboral.
6. Presencia de gas Radón nos centros educativos: Pedimos que se tomen medidas concretas de actuación nos centros nos que se detecten altos niveis do mesmo, xa que aínda non se teñen novas do plan supostamente activado pola XUNTA.